

## ACCESO Á AULA

- Esta Aula está a **disposición libre e de balde** para calquera persoa interesada á que se lle asignará un ordenador para traballar.
- Os menores de ata 12 anos incluídos precisarán estar acompañados por un adulto responsable para facer uso dos equipos informáticos.
- É imprescindible cubrir un formulario cos teus datos persoales que che facilitará o/a responsable da aula no teu primeiro acceso ás instalacións.
- O horario establecido da Aula é **de 16.00 h. a 19.00 h.** ininterrompido **de luns a venres.**

## TEMPO DE SESIÓN

- O tempo máximo que un usuario pode empregar os equipos da aula é de **unha hora diaria**. Este tempo poderá aumentar a 2 horas cando se trate de acceso a portais e servizos da Administración, proxectos de tele traballo, formación e tele formación, procura de emprego/orientación profesional e/ou realización de traballos e actividades académicas.
- A espera polo ordenador gardarase fora da aula. Dentro só poderán estar as persoas que estean usando o ordenador.
- **Os postos de traballo son individuais** e só en casos excepcionais se permitirá a dous usuarios empregar-lo mesmo ordenador.
- O/a responsable da aula resérvase o libre **peche das instalacións** debido a problemas internos.

## DISCOS

- O disco duro non é un lugar seguro para os traballos. Emprega os teus discos extraíbles e **non deixes ficheiros no equipo**.
- Comproba que os teus disquetes e memorias extraíbles non teñan virus.
- Está **prohibido** instalar ou quitar software ou programas nos ordenadores e tamén elimina-lo historial dos equipos.
- **Non se permite** cambiar a configuración, reiniciar e/ou apagar o equipo sen consentimento previo do/a responsable da aula.

## IMPRESORA

- A utilización da impresora está **restrinxida**. Os traballos gardaranse nunha memoria extraíble e serán impresos dende o ordenador principal polo/a responsable da aula.

## INTERNET

- Queda expresamente prohibido o acceso a páxinas cun contido pornográfico, terrorista, racista ou calquera outro contido que viole a legalidade vixente ou atente contra a dignidade das persoas.
- Como norma xeral as conversas a través do IRC ou calquera outro chat están totalmente restrinxidas, así como a utilización dos equipos para acceder a páxinas de xogos.
- Queda totalmente prohibida a descarga de nada que sexa ilegal.

## NORMAS ELEMENTALES

- Procura comportarte con **respecto** e sen molestar ós demais usuarios.
- **Silencia o teu móbil** e evita manter conversas telefónicas dentro da aula.
- **Non comas, bebas ou fumes na aula**. Ensuciaríanse os equipos.
- **Colabora na orde** da aula deixando o teu posto tan limpo como o atopaches.
- Non dubides en preguntar calquera dúbida.
- **Fai un uso responsable** do mobiliario a túa disposición. Os danos dun uso irresponsable serán ó teu cargo.



**O/A RESPONSABLE DA AULA É O/A ENCARGADO/A DO BO  
FUNCIONAMENTO DA MESMA. EN VIRTUDE DO CAL O INCUMPRIMENTO  
DESTAS NORMAS CONLEVARÁ A EXPULSIÓN DAS INSTALACIÓNS**